

**Resolución pola que se aproba o expediente de información pública do proxecto de construción: "Senda na AC-301 entre os pp.qq. 2+250 e 2+800", de clave: AC/19/128.06.**

**ANTECEDENTES DE FEITO:**

Primeiro. A actuación obxecto do proxecto consiste en definir, xustificar e valorar as actuacións necesarias para a mellora da seguridade vial e o fomento da mobilidade sostible na estrada autonómica AC- 301, no treito comprendido entre os pp.qq 2+250 e 2+800 (marxe esquerda), e a antiga AC-299 (estrada actualmente de titularidade local), sendo a lonxitude total da senda proxectada de 820 m e permitindo a conexión dos itinerarios peonís xa existentes no polígono industrial de Rois/Padrón coas beirarrúas do núcleo rural de Rois.

Segundo. No *Diario Oficial de Galicia* núm. 195, do 25 de setembro de 2020, publicouse o Anuncio do 15 de setembro de 2020 polo que se somete ao trámite de información pública a separata do proxecto de construción: "Senda na AC-301 entre os pp.qq. 2+250 e 2+800", de clave: AC/19/128.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

Terceiro. As administracións afectadas emitiron os correspondentes informes, e no trámite de información pública formuláronse alegacións polas persoas interesadas. A todas elas déuselles resposta motivada, segundo figura no informe que consta no expediente, que lle foi notificado ás administracións ás que se lles deu trámite de informe e aos particulares que presentaron alegacións.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

Primeiro.- A Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade é competente para resolver os expedientes de información pública en materia de estradas e informes das administracións afectadas, de acordo co Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Esta competencia atópase delegada na persoa titular da dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo o artigo 8.1.b) da Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería (*DOG* n.º 179, do 20 de setembro).



Segundo.-De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción someteuse ao trámite de información pública, durante un período de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Terceiro.- Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e aos efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de Expropiación Forzosa, someteuse a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente.

De acordo con todo o exposto, e tralos informes, alegacións e certificados presentados,

#### RESOLVO

Aprobar o expediente de información pública: "Senda na AC-301 entre os pp.qq. 2+250 e 2+800", de clave: AC/19/128.06, mantendo o trazado proposto como definitivo.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.>>

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

A Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade

Por delegación, Orde do 07/09/2017, Diario Oficial de Galicia 20/09/2017

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

*(asinado dixitalmente)*

